

EXPOSTAS

-INVERSA TEATRO

Un texto de Vanesa Sotelo, Rosa Puga Davila, Teté García e Marta Pérez.
 Dramaturxia e dirección: Carlos Álvarez-Ossorio.
 Con Teté García, Xose Manuel Esperante, Marta Pérez, Vanesa Sotelo e Rosa Puga Davila.

CONTACTO

-INVERSA TEATRO

Marta Pérez & Juan Hernández
 690 084 625 // 986 771 141
 inversateatro@gmail.com
 www.myspace.com/inversa-teatro

AGRADECEMENTOS

AGADIC. Consellería de Cultura e Deporte.
 Residencia do Maior de Campolongo. Teatro
 Principal de Santiago de Compostela. CTV-
 Amelia e as Sereas. Diego Frei. María Rodríguez.
 Concello de A Cañiza. Pilar Pérez Moredo. Jaime
 Pérez Gomez. Patricia Alonso Antón. César
 Carballo. Alex Alonso. Orzo Abrunheiras.

EXPOSTAS

INVERSA TEATRO

Que lle diría a unha muller que afoga?

Que lle diría a unha muller que di que quere ser Suíza?

Que lle diría a alguén que acaba de perder ao seu mozo pola súa culpa?

Que lle diría a un home que soña que pare gatos?


Que lle diría a unha muller que di que chega do futuro?

Que sucede cando estamos constantemente expostas ante a ollada do outro? Incoherencias, debilidades, carencias, miserias, desexos...

Miramos, precisamos ser miradas, expoñémonos ante a mirada allea que nos devora... xúlganos... desdebúxanos.... ou quizáis, xa estamos desdebuxadas.

Expostas é unha obra que abarca os límites da normalidade imposta e comparte algunhas desas rarezas que nos fan humanas.

Violencia gratuita, humillacións públicas, mulleres espidas, malleiras, un paíaso fumigador, todo... por un módico prezo.



INVERSA TEATRO EXPOSTAS

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA Carlos Álvarez-Ossorio. **TEXTOS** Vanesa Sotelo. Rosa Puga Davila. Teté García. Marta Pérez. **PRODUCCIÓN** Marta Pérez. Juan Hernández. **INTÉRPRETES** Vanesa Sotelo. Xose Manuel Esperante. Rosa Puga Davila. Teté García. Marta Pérez. **ESCENOGRAFÍA** Anxo Cendal. **CREACIÓN AUDIOVISUAL** Anxo Cendal. Carlos Álvarez-Ossorio. **ESPAZO SONORO** Juan Hernández. **ESTUDIO DE GRAVACIÓN** Ronett Studio. **DESEÑO GRÁFICO** María Rodríguez. **FOTOGRAFÍA** Diego Frei. **VESTIARIO** Inversa Teatro.

Marta Pérez

ACTRIZ, DRAMATURGA E PRODUCTORA TEATRAL.

Fundadora e propietaria da **Compañía Inversa Teatro**. Estudiu interpretación nas escolas Santart e Espacio Aberto en Santiago de Compostela. É tamén licenciada en Filosofía na Universidade desta mesma cidade. Fundadora, co-propietaria e productora da Compañía de Teatro Arela das Artes desde o 2002 ata o 2007 (inclusive). Con Arela das Artes traballei con directores como Charo Amador, Carlos Álvarez-Ossorio, Roberto Cordovani e Charo Pita. Noutras Compañías como Cámara Negra Teatro, Noescafé Teatro (Alt Vigo), Fura dels Baus, Lingoretas ou Raigame Teatro fun dirixida por Lola Correa, Miro Magariños, Carlos Álvarez-Ossorio, Alejandra Juno e Quico Cadaval, entre outros. Ten unha ampla e variada formación en diferentes áreas da interpretación (dramaturxia, danza contemporánea, mimo, clown, voz, interpretación audiovisual...) con profesionais como Hellen Rowson, Abraham Celaya, Micklos Bacs, Gracia Querejeta, Luis Iglesia, Blanca del Barrio, Cristina Domínguez, Leo Bassi, Cándido Pazó, Héctor Carré, Iván Marcos, Marta Pinillos, Theodor Smeu Stermin, Carmela Bueno... No audiovisual traballei recentemente como secretaria de produción con Susana Rey, ademais dos seus traballos como actriz; os últimos, as curtametraxe 12 minutos de Bruno Nieto e Contrafilmes de susana Rey e a longametraxe Rafael de Xabier Bermúdez. Actualmente traballa como actriz contratada na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. (Esad Galicia)

Juan Hernández

MÚSICO E PRODUCTOR MUSICAL.

Fundador da **Compañía Inversa Teatro**. Desde o ano 1980 traballa ininterrompidamente no campo profesional da música, como músico, produtor e compositor; así coma en colaboracións para diferentes medios de comunicación (tv, radio, teatro, cine...). Desde o ano 2000 rexenta o seu propio estudo de gravación: Ronett. Nas súas numerosas producións discográficas traballou con artistas como Tanya Tagaq, Laio, Jesse Zubot, Mike Patton e Buck 65...entre moitos outros. traballou no mundo do teatro colaborando con compañías como Noescafé Teatro ou Cámara Negra. A nivel cinematográfico colaborou en proxectos nacionais e internacionais sendo o seu último traballo o deseño sonoro do filme Tungjuq, dos directores canadenses Paul Raphaël, Félix Lajeunesse, recentemente seleccionada no Festival Internacional de Cine de Toronto. As súas producións recibiron numerosas nominacións e premios (Juno, WCMA, CAMA) e foi premiado como mellor produtor do ano 2005 nos Canadian Aboriginal Music Awards. Ademais, desde os seus inicios como músico percorreu diversos festivais e concertos en xiras que o levaron por todo o estado español, así coma por Francia, Irlanda, Canadá, Portugal, U.K...

Carlos Álvarez-Ossorio

DIRECCIÓN, DRAMATURXIA E ILUMINACIÓN.

Director e fundador de Cámara Negra, coa que gañou, entre outros, un Premio MAX, un Premio Telón Chivas, e o Premio José Luis Alonso da Asociación de Directores de Escena de España. Recentemente recibiu o Premio Jara en Extremadura. Dirixiu no Centro Andaluz de Teatro e na Convención Teatral Europea, ademais de con diversas compañías e festivais. Traballou con mestres do Odn Teatret, do Berliner Ensemble, da Escola Biomecánica Rusa, da London Academy of Performing Arts, e do Toneelgroep Amsterdam, e con profesionais como Leo Bassi, Rodrigo García ou Lluís Pasqual. Foi convidado en Francia polo Centro Europeo para Xóvenes Directores e director convidado ós Encuentros de Creación Contemporánea en Magalia organizado pola Rede de Teatros Alternativos. As súas montaxes viaxaron por toda España, por Francia, Cuba, Grecia, Alemaña, Malta...

Teté García

ACTRIZ E DRAMATURGA.

Traballou con profesionais como Etelvino Vázquez, Dominique Borucki, Vicente Fuentes, Ana Vallés, Clemence Bucher, Fernando Dacosta, Tito Asorey, Damián Contreras, Sabela Gago, Elena Seijo ou Fina Calleja. Actuou en montaxes de compañías como Cámara Negra, Balea Branca, Arela das Artes e Teatro do Grilo, e na Aula de Teatro Universitario de Ourense, interpretando textos de Shakespeare, Eurípides, Ibsen ou Sanchis Sinisterra, ademais de numerosas curtametraxes. A súa formación teatral, ándese unha sólida formación musical.

Xosé M. Esperante

ACTOR.

Traballou en diversas longametraxes (coma "Malas temporadas", "O ano da garrapata", "O clube da caleta" ou "O lápiz do carpintero") e curtametraxes (recibindo o Premio ó mellor actor da III Mostra De Curtametraxes Vila de Noia 2001), e en series de televisión como "Cuéntame", "El comisario", "Vientos de agua" ou "Galicia Exprés". En teatro, traballou co Centro Dramático Galego e con outras compañías como Cámara Negra, A Factoría Teatro, Caramuxo Teatro, UVEGÁ teatro, Escama Teatro, Éteatro, Espello Cóncavo, Galileo Teatro, etc... baixo a dirección de directores como Xulio Lago, Dani Salgado ou Roberto Salgueiro.

Vanesa Sotelo.

ACTRIZ E DRAMATURGA.

Traballou en diferentes Compañías teatrais como a Aula de Teatro da Universidade de Santiago, Arela das Artes, na Compañía francesa Amphi-Théâtre e Teatro no Aramio para o que escribe e dirixe diferentes montaxes coma *D'asino sorrinte* (premiado no certame Na Vangarda 2005). Participa tamén como performer para o NEC de Oporto e no Festival Cómico e Festivo de Cangas con Dnzd. Foi dramaturga residente para o CDG coa obra *Estigma* e artista en residencia para a mesma institución no 2009 con *Corpo-puta-vaca-berro*. Membro do consello de redacción da Revista Galega de Teatro, actualmente combina o seu traballo como actriz cos estudos de dirección de escena na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Rosa Puga Davila

ACTRIZ E DRAMATURGA.

Titulada en Interpretación pola Escola de Cristina Rota e Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidad de Salamanca. Desde fai nove anos continúa a súa formación entre Galicia, Madrid, Londres e Nova Iorque. En teatro traballou coas compañías Centro de Nuevos Creadores, Arela das Artes o Espacio de Teatro Contemporáneo. Participou en vinte curtametraxes e coa película *Sesión* da que é actriz e guionista foron galardonados co premio á mellor longametraxe de lingua estranxeira no The Indie Fest de La Jolla en California. No 2008 funda a súa propia compañía: Walkenheim Producciones, coa que produciu a obra *Sitta* estreada no Teatro Pradillo de Madrid (2009).

Anxo Cendal.

ESCENÓGRAFO.

É graduado en Guión e Dirección Cinematográfica pola Escola Galega de Cine (EGACI), ademais de estar formado tamén como auxiliar técnico en Deseño Gráfico. Traballou como Director de Arte en distintas películas e curtametraxes, coma "Fosters Affair", "Estación Decembro" ou "Nada", e en distintos postos dentro do equipo de Dirección Artística da productora CTV Plató 1000, para programas e series televisivas como "Efectos Secundarios", "Air Galicia" ou "Fantastic Niká".